



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: XI Xornada de formación práctica dixital (E-martes)

CONVOCATORIA: XI Xornada de formación práctica dixital (E-martes): 15 dec

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/12/2020 - 08:00h ao 07/12/2020 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á autoxestión da aprendizaxe e á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e legislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. No caso das empregadas e empregados públicos priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.
- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.

PROGRAMA

A XI Xornada de formación práctica dixital (E-martes), que terá lugar o vindeiro martes, 15 de decembro, estará dedicada ao Rexistro electrónico na Xunta de Galicia. Os seus contidos adaptaranse aos dous grupos de persoas destinatarias desta actividade; constará dunha introdución xurídica, común aos dous grupos e titulada "De rexistro a rexistro electrónico: Pezas clave para a Administración electrónica", e unha posterior parte práctica, nas aulas de informática da escola, cos seguintes contidos específicos:

Grupo de persoal empregado público: sede electrónica da Xunta de Galicia. Chave 365. Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro: Intranet (espazo dixital de referencia para o persoal da Administración autonómica), Aires (aplicación informática de rexistro de entradas e saídas), Rexel (Recepción electrónica do Sistema Único de Rexistro) e SIR.

Grupo de cidadanía: sede electrónica da Xunta de Galicia. Chave 365. Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro: eServizos, servizos nas oficinas e Sistema de interconexión de rexistros (SIR).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para a selección das prazas do colectivo de persoal empregado público da Administración autonómica terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada.

Fóra deste criterio específico para o grupo de persoal empregado público, a orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

De acordo co indicado no punto 3 da convocatoria para a selección das persoas destinatarias do grupo de persoal empregado público priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida. Tal documentación deberá ser achegada antes do fin do prazo de inscrición a novas.egap@xunta.gal

E de acordo co disposto na convocatoria no punto 6.2:

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen ("Administración autonómica" para o persoal empregado público da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais ou "cidadanía", no caso de non ser persoal empregado público).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 15/12/2020 a 15/12/2020

NUM. PRAZAS: 29

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Guillermo Tato González

Rodrigo Maquieira Bermejo

Javier Pardo Gómez

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 15 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 15 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 15 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 15 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 15 de decembro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: O día 15 de decembro de 11:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA